

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Indique cal das seguintes é a forma plural correcta:

- A) rei / reises
- B) álbum / álbumes
- C) laboral / laborales
- D) ril / riles

2. Apachucar é sinónimo de:

- A) Estrullar
- B) Apechugar
- C) Apaisar
- D) Entortar

3. Un "copo" en castelán é...

- A) Unha lapa
- B) Unha copa
- C) Un paxaro
- D) Un roedor

4. Unha baga é...

- A) Un froito
- B) Unha lacaceira
- C) Un accidente no terreo
- D) Un paxaro

5. Sinale a tradución correcta de: "La causa de que le subiera la fiebre no ha sido la hernia en el abdomen"

- A) A causa de subirlle a febre non foi a ernia no abdomen
- B) A causa de que lle subise a febre non ten sido a hernia no abdomen
- C) A causa de que lle subira a febre non foi a ernia no abdome
- D) A causa de que lle subise a febre non foi a hernia no abdome

6. Unha das seguintes palabras NON é unha parte do corpo. Indiquea:

- A) Cella
- B) Fronte
- C) Queixo
- D) Cachoeira

7. Indique cal das opcións de resposta NON está correctamente escrita:

- A) O sangue
- B) A asma
- C) A análise
- D) O síndrome

8. É sinónimo do adverbio devagar:

- A) Amodo
- B) Paseniño
- C) Lentamente
- D) Todas as anteriores son correctas

9. Sinala cal é a tradución correcta de: "Solo cometen delito los que van contra la ley"

- A) Somentes cometen delito os que van contra a lei
- B) Só cometen delito os que van contra a lei
- C) Soio cometen delito os que van contra a lei
- D) So cometen delito os que van contra a ley

10. En galego, un corpo que perde temperatura:

- A) Resfríase
- B) Arrefríase
- C) Enfríase
- D) Afriáxase

Preguntas de reserva

1. Indique cal destas frases está correctamente escrita en galego:

- A) A súa enfermidade pasa por un estadio crítico
- B) Deixou unhas pezas de roupa a mollo
- C) Extraéronlle moita sangue cunha xeringa
- D) Ten un cupo moi elevado de pacientes

2. Indique a opción de resposta correcta:

- A) O paisaxe
- B) O peaxe
- C) O garaxe
- D) O metraxe